| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | SALVATERRA DE MIÑO |
| **Edificio** | Igrexa de San Miguel de Corzáns |
| **Dirección** | Lugar de Petán, s/n. 36457 |
| | 42.111261 -8.470814 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Ubicada a escasos metros do Pazo de Petán, presenta planta rectangular, unha soa nave e fábrica a base de perpiaño de granito.<br><br>A fachada principal aparece organizada nun único lenzo e centrada polo van de acceso. Rematáa unha cornixa moldurada que circunda todo o perímetro do templo. O máis característico desta fachada é a superposición de tres molduras nos extremos superiores do muro. A inferior semella o remate ou capitel dunha pilastra, sucédea a moldura da cornixa que que envolve a igrexa e finalmente a moldura da cornixa superior coroada por pináculos. Por último, e centrando o lenzo, remata a espadaña dúplice e dividida en dous niveis por unha liña moldurada. Nesta fachada aparece gravada a data de 1910, que pode ser alusiva a algunha obra de reconstrucción.<br><br>O resto dos muros son igual de sinxelos no seu tratamento. Sen embargo tamén mostran elementos singulares como é a fiestra de arco triangular do lateral norte. Nesta mesma fachada tamén aparece un gravado que semella un blasón, e dous pequenos corpos adosados ao principal. Estes pequenos corpos sucesivos, mostran elementos como unha pilastra ou remates con pináculos e cruz central. No lado oposto tamén aparece adosado á nave outo pequeno corpo. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 1 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 30-03-2025 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Menor | PEREIRA A SANCTUS, JOSEPHUS FELIS | 1821 | 55 | 96 |
| Espadana | Maior | SANJURJO BADÍA, ANTONIO | 1889 | 58 | 113 |

Información completa: Igrexa de San Miguel de Corzáns - SALVATERRA DE MIÑO (GALICIA)

PDF (19-05-2026)